

DO 4 AO 8 DE XUÑO 2014

# 3 FESTIVAL primavera



do **cine**

**EN VIGO**

[www.festivalprimaveradocine.com](http://www.festivalprimaveradocine.com)

O Festival Primavera do Cine en Vigo abre a súa terceira edición coa mesma ilusión e vontade coa que naceu hai dous anos. Esta iniciativa, no seu momento, podía semellar utópica ou destinada á indiferenza social. Non foi tal. O cine galego ten o seu público gañado e demostra, ano tras ano, que non só está feito con profesionalidade e sensibilidade artística, senón que está a traspasar as nosas fronteiras logrando o recoñecemento internacional.

Nas salas do Auditorio do Concello e do MARCO poderemos ver ficcións, documentais, videoclips, filmes de animación e de tipo experimental. Cremos que todos eles destacan pola súa calidade. Cada ano recibimos máis películas e iso provoca que a selección sexa cada vez máis dura e que propostas de moitísimo interese teñan que quedar fóra polo momento. Para nós, isto supón unha razón máis para seguir apostando polo noso cine.

As dúas asociacións que organizan este festival, Musiquina 33mg e Reencanto Producións, están compostas por xente formada no audiovisual, estudantes e traballadores que coñecen os problemas polos que está a pasar un sector deliberadamente maltratado. Este festival existe porque cremos que Galicia necesita un evento que reivindique a súa produción cinematográfica.

O audiovisual galego ten valor como feito cultural diferenciado, pero ademais é unha industria que dá traballo a profesionais dos ámbitos máis variados. Por iso, non podemos permitir que esmoreza ou agonice nunha sociedade onde o único criterio que semella marcar a pauta duns anos para acá é o dos intereses mercantís.

Agardamos que todo o público goce en Vigo nestes días dun cine que é de seu por dereito propio, que lle pertence e do que pode sentirse orgulloso.



PRESENTACIÓN	2
LONGAMETRAXES	4
CURTAMETRAXES	6
VIDEOCLIPS	10
MENCIÓN HONORÍFICA	14
ORGANIZACIÓN	16
COLABORACIONES	18
PATROCINIO	23
HORARIO	26

## Proxección das longametraxes:

**Auditorio do CONCELLO** | mércores 4, xoves 5, venres 6, sábado 7



**venres 6 - 22:15**

### **EL RAYO**

Francisco Araujo Cabaleiro | 2013 | 88 min

Logo de trece anos en España, Hassan xa non atopa traballo así que decide emprender a viaxe de volta a casa. Inverte todos os seus aforros nun tractor de segunda man para gañarse a vida no seu país e lévao a Marrocos conducindo. Cando chegou a España non tiña nada, agora regresa coa súa única posesión: El Rayo.



**mércores 4 - 22:30**

### **DOS FRAGMENTOS/EVA.**

Ángel Santos Touza | 2010 | 79 min

Despois dunha noite de amargas discusións e tras decidir separarse, unha parella de amantes esgota as últimas horas da súa relación percorrendo a cidade que están visitando



**mércores 4 - 19:30**

### **EL TRISTE OLOR DE LA CARNE**

Cristobal Arteaga Rozas | 2013 | 91 min

Alfredo Barreira parece un tipo normal. Parece que ten traballo. Parece que ten un fogar. Parece que vive feliz. Aínda que as cousas non sempre son o que parecen. En realidade perdeu o seu traballo hai meses e en noventa minutos máis vai perder a súa casa. Pero Alfredo ten un plan. E vaine executar, custe o que custe.



*xoves 5 - 20:00*

## DESDE DENTRO DO CORAZÓN

Antonio Caeiro | 2013 | 120 min

A través de catro historias máis unha imos vendo a relación da xente dunha vila galega, Vilagarcía de Arousa, co mar. Un mar que, pouco a pouco e da man do ser humano, afastouse da poboación.



*sábado 7 - 20:00*

## O PEQUENO MAGO

Roque Cameselle | 2013 | 80 min

Uns perigosos piratas normandos atracan na pequena cidade galega de Tui, dispostos a saqueala. Bieito Dubidoso un neno de nove anos, pero armado dunha maxia sorprendente, logra que os malvados guerreiros fuxan espavorecidos. A noticia do prodixio esténdese por toda a bisbarra e, a partir de entón, Dubidoso será coñecido por todos como O pequeno Mago. Xunto coa súa inseparable amiga Destreza embarcarase nunha morea de máxicas aventuras e enfrontarase ao poderoso bispo Xoán, señor e dono da cidade, que non lle perdoará que o deixase como un covarde diante dos seus vasalos.



*xoves 5 - 22:00*

## A PEGADA DOS AVÓS

Xosé Abad, Sandra G. Rey | 2013 | 67 min

Sete adolescentes percorren, 75 anos despois, un particular camiño tratando de investigar a historia da xeración que viviu o golpe franquista de 1936. Elas e eles, en primeira persoa, terán que enfrontar a dureza dos seus descubrimentos e explicar as implicacións que poida ter esta decisión nas súas vidas.



*sábado 7 - 22:00*

## BLOCKBUSTER

Tirso Calero Jorda | 2013 | 104 min

Paco é un vello actor, esquecido e enfermo, que se resiste a non actuar máis. Pretende morrer coas botas postas, participando nunha inmunda curtametraxe de ciencia ficción perpetrado por uns mozos tan aloucados como ilusionados co mundo do cine.

Proxección das curtametraxes:

Salón de actos do MARCO | mércores 4, xoves 5  
Auditorio do Concello | venres 6

## BLOQUE I



### **3 - 1 = 0**

Juan Galiñanes, Elsa Osorio | 2013 | 24 min

Carlos ten unha casa para vender e un pasado para esquecer.



### **LLENA ERES DE GRACIA**

Pedro Sancho Díaz | 2013 | 3 min

Ela. Elas. As mulleres a miúdo viven sometidas a certos tabús impostos socialmente: a sexualidade, o paso do tempo, a maternidade,...



### **ACUARIUM NOSTRUM**

Xisela Franco | 2013 | 10 min

Película supervisada por Abbas Kiarostami. Un día nun acuario.



## SANGRE DE UNICORNIO

Alberto Vázquez | 2013 | 8 min

Dous osiños saen a cazar unicornios, a súa presa predilecta. Os unicornios teñen unha carne suave e un sangue delicioso con sabor a arandos que os osiños precisan para manterse belos.



## OCTOBER

Gonzalo Caride | 2013 | 12 min

Durante o secuestro de 900 reféns nun teatro Ruso en 2002, Olga Romanova, unha moza de 26 anos, intenta cambiar a situación. Vive a súa historia.

## BLOQUE II



## VACACIÓNS

Xiana Gómez-Díaz | 2013 | 29 min

Documental experimental que explora o mito occidental das vacacións de verán. Preséntase un relato colectivo a través de episodios curtos rodados en Galicia. O documental funciona como experiencia sensorial e como reflexión sobre a tensión entre as nocións de liberdade e emulación.

## BLOQUE II



### **PATO EXTRATERRESTRE**

Pedro Sancho Díaz | 2014 | 9 min

Cal é o teu xeado favorito?



### **MAL DE SANGRE**

Pedro Díaz López | 2013 | 15 min

Recén chegado de faenar, Enrique recibe o golpe de mar máis complicado da súa vida. A saúde da súa muller pende dun fío tras sufrir un grave accidente. O que non sabe este mariñeiro galego é que no hospital lle esperan segredos e conflitos máis aló do alcance da medicina.



### **TUPPER**

Ángel Manzano | 2014 | 17 min

Unha gran empresa multinacional áchase en pleno proceso de remodelación de persoal. Os traballadores deberán pasar un a un polo despacho do seu superior para recibir a desagradable noticia. Pero existe unha posibilidade de manter o posto de traballo, demostrándolles aos seus xefes que están totalmente comprometidos coa empresa. O problema é que para iso deberán pasar unha proba... algo especial.



# Dos Acordes



## BLOQUE III



### DINOSAURIOS EN 3D

Juan Beiro | 2012 | 19 min

Madrid conserva monumentais salas de cine, suntuosos edificios construídos durante a idade de ouro da exhibición cinematográfica e que hoxe se converteron en tendas de roupa ou supermercados. Son verdadeiros dinosauros en 3D que nos falan do noso máis recente pasado.



### EVEREST

Rafa de los Arcos | 2014 | 5 min

Un día interrómpe-se a programación da televisión para anunciar que unha onda xigante vai destruír a cidade.



### SUICIDIO LAMPREA

Chisco Arias-Carbajal Alonso | 2013 | 18 min

Simón sorteia obstáculos no seu camiño cara ao suicidio, pero nunca contou con que a Morte llo poría tan difícil.



### DEIL

David Rodríguez Muñiz | 2013 | 20 min

En 1999, a clínica psiquiátrica Bellavista é clausurada e os seus pacientes trasladados... todos excepto un. Simón Feito desapareceu, e co tempo é dado por morto. Dous anos máis tarde o Dr. Samuel Valmonte, ex-xefe médico da clínica, recibe unha intrigante chamada de teléfono na que se lle solicita o expediente de Simón, esquecido o día do traslado entre as paredes de Bellavista.

Proxección dos videoclips:

Auditorio do CONCELLO | sábado 7, 24:00



**“LEAVING ALONE”** *Thee Blind Crows*  
Gero Costas | Producciones Mutantes | 2014 | 6 min



**“LA PRIMERA VEZ”** *Inculpados*  
José Luis González | JLG. Barceló | 2012 | 5 min



**“IRA”** *The Blows*  
Iñaki Gil Rosendo | 2012 | 5 min



**“SEM SÁIDA”** *Vicky Polard*

Miguel Grandío López | O Galiñeiro Escuro | 2014 | 5 min



**“NARCO-CORRIDO RIBEIRAO”** *Liviao de Marrao*

Alfredo Pardo Hermida | 2014 | 4 min



**“GGAALEGO”** *El puto Coke*

Juan Salgueiro | Coke Cespedes, Juan Salgueiro, GF studio, Duplo | 2011 | 5 min



**“LUNES”** *Egonía*

Ángel Luis M. Salo | 2014 | 5 min



**“NINGUÉN ESCOITOU”** *Urbano Cabrera*  
Pablo Aragüés | Marta Cabrera | 2013 | 5 min



**“WILDA”** *Cró!*  
José Araújo Pérez | 2014 | 4 min



**“BANSHEE”** *The Gone & Lost*  
Francisco Gallego Guisán | Axitopop | 2013 | 5 min



**“MILES OF HOPES”** *When Ocean Burns*  
Fer Pereiro | EISV | 2013 | 4 min



**“EL CUERVO”** *Pus de Alce*

Manex Mendizabal Neira | Mendix Productions | 2013 | 5 min



**“CANTO DE ANDAR O CAMIÑO”** *Nelson Quinteiro*

Nelson Quinteiro | Tutanpancho Producciones | 2014 | 3 min

**LA PEPITA**  
BURGER BAR

CALLE OPORTO Nº 15  
36201, VIGO  
986 118 156  
info@lapepitaburgerbar.com  
www.lapepitaburgerbar.com

**Supermercado Ecológico**  
www.abcdebio.es



C/ Padre Don Rúa, 2 - 36203 Vigo - Pontevedra  
Telf.:986 117 303 | E-Mail: info@abcdebio.es

- \* Frutas y verduras
- \* Alimentación Infantil
- \* Zumos y bebidas vegetales
- \* Algas y macrobiótica
- \* Carnes y Embutidos
- \* Yogures y leche fresca
- \* Alimentos SIN GLUTEN
- \* Cosmética ... Y MUCHO MÁS!!

*El primer supermercado ecológico de Vigo*

## MENCIÓN HONORÍFICA 2014

A imprescindible laboura de CIMA, Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais.

A concesión da Mención Honorífica, tanto nesta como nas pasadas edicións, supón para o Festival Primavera do Cine unha declaración de intencións. Queremos que esta mención conteña, sobre todo, o recoñecemento a un traballo, a unha achega ligada á defensa duns valores que dignifiquen a industria cinematográfica. Queremos que o festival sexa, ademais dunha mostra de filmes, un foro aberto ao debate e á reflexión acerca do cine na actualidade.



Dentro das problemáticas, nas que se atopa inmerso o sector audiovisual, queremos traer a debate a exclusión específica que sofre a muller. Por iso, o festival comeza cunha mesa redonda sobre a discriminación da muller no sector, as raíces deste fenómeno e as posibles iniciativas de cara a normalizar a presenza da muller nun ámbito fundamental da nosa cultura.

CIMA é unha asociación conformada por máis de duasetas mulleres profesionais de todos os campos do audiovisual cun obxectivo común: fomentar a presenza equitativa da muller no medio audiovisual.

O seu traballo consiste en denunciar que a situación da muller neste medio segue a ser unha situación anómala. Dende CIMA preténdese loitar contra discursos deliberadamente conformistas que anuncian que a igualdade é unha consecución real e completa e que na nosa sociedade non existe discriminación sexual. A súa contribución baséase en crear unha sociedade máis igualitaria e diversa.



Así mesmo, CIMA adícase a analizar os roles da muller nas ficcións presentes no cine e na televisión para demostrar que seguen ancorados en clichés e estereotipos que confinan a muller a un rol secundario e dependente do home. O seu interese consiste en dignificar a imaxe pública da muller e promover novas imaxes de referencia para as vindeiras xeracións.

A existencia de CIMA é necesaria para concienciarnos de que non vivimos no mellor dos mundos posibles e queda moito por facer para que a muller deixe de ser o “segundo sexo” na nosa sociedade.

Consideramos o traballo de CIMA necesario e fundamental. Por iso, a nosa homenaxe e recoñecemento coa concesión da Mención Honorífica deste ano 2014.

# CABIRIA BAR



Avda. Castrelos, 26-A - 36210 VIGO - Teléf. 986 23 21 27  
— Desde 1956 —



Padre Don Rúa, 11.  
Tel. 986 116 789

Oporto, 7.  
Tel. 886 131 274

# ORGANIZACIÓN



**REENCANTO PRODUÇÕES** é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social.

*Reencantarse é unha proposta en positivo.* Cremos que é posible combatir a angustia e a desesperación e ese é un dos nosos obxectivos.

*Reencanto produções* é unha organización aberta, participativa e flexible. Creemos na innovación e queremos potenciar as novas propostas.

*Reencanto produções* está formado por persoas con ampla experiencia nos sectores cultural e social.

### Os nosos ámbitos de traballo son os seguintes:

- ⤴ Producción audiovisuais.
- ⤴ Producción de proxectos artísticos.
- ⤴ Organización e produción de eventos culturais.
- ⤴ Comercialización e distribución de contidos artísticos.
- ⤴ Servizos e xestión cultural
- ⤴ Potenciación de métodos de intercambio de bens e servizos alternativos.

Máis información:

[www.reencanto.com](http://www.reencanto.com)



## EQUIPO

### **DIRECCIÓN**

Ana Laura Pereira

### **ASIST. DIRECCIÓN**

David Esperón, Alfonso Castaño e David Linares

### **DESEÑO GRÁFICO E WEB**

María Luján Kubrusli

### **REDES SOCIAIS**

el Sr. Muy

### **PROGRAMACIÓN**

Juan de Castro, Roi Rodríguez, Santiago Sandoval, Alfonso Castaño, María del Carmen Díaz

### **PRODUCCIÓN**

Natalia Touriño, Montse Nogueira, David Linares, el Sr. Muy, Pablo González

### **PRENSA**

David Esperón

### **FOTOGRAFÍA**

Aroa Vázquez


### **ANIMACIÓN 3D**

Marcos Mosquera

COLABORADORES OFICIAIS



*Vivimos nunha cidade fermosa*





Deputación  
Pontevedra

MARCO

# GADIS



Ellago Ediciones







AUDIOBEEUSAL



[www.juglarproducciones.es](http://www.juglarproducciones.es)

árbore

COOPERATIVA CONSUMO CONSCIENTE

Arquitecto Pérez Bellas, 5 - baixo 36.211 :: [www.arbore.org](http://www.arbore.org)



Museo de Pontevedra



Centro Comercial Aberto  
ZONA CENTRO



VEHICULOS A PEDALES  
BOUZAS - VIGO





## PATROCINADORES





Horario: L a V de 10h a 20h  
C/ Colón 2, Vigo  
Tfno.: 986 22 96 38  
CITA PREVIA

 Sorela Caro | Beauty&Boutique  
sorelabeautyboutique@gmail.com



CHURROS, PITALLAS Y CORTEZAS  
CURA II - TFO: 986 41 20 58  
FIGO







[www.bloxautoparts.es](http://www.bloxautoparts.es)



**COISAS  
doces**

**Pastelaria  
Confeitaria  
Pão Quente**

**Valença**  
Edifício Status, Loja 10  
4930-678 Valença do Minho  
Tlf.(00351) 251 824-173

**Vigo**  
Plaza Porta do Sol, nº 4  
Vigo - Espanha  
Tlf.(0034) 986 221 926



**fai bistes**

**JAMONERÍA**

*González*

Ronda de Don Bosco, nº 26  
Tel. y Fax 986 22 10 17 - VIGO



# 3 FESTIVAL



# primavera do cine

## HORARIO

### martes 3

**19:30** Salón de actos do MARCO  
**COLOQUIO** ¿Discriminación consciente?  
Situación da muller no sector audiovisual galego

### mércores 4

**17:30** Salón de actos do MARCO  
**Bloque II CURTAMETRAXES**

**19:00** Salón de actos do MARCO  
**Bloque III CURTAMETRAXES**

**19:30** Auditorio do CONCELLO  
**INAUGURACIÓN DO FESTIVAL**  
El triste olor de la carne

**20:30** Salón de actos do MARCO  
**Bloque I CURTAMETRAXES**

**22:30** Auditorio do Concello  
**Dos fragmentos/Eva**

### xoves 5

**17:30** Salón de actos do MARCO  
**Bloque I CURTAMETRAXES**

**19:00** Salón de actos do MARCO  
**Bloque II CURTAMETRAXES**

**20:00** Auditorio do CONCELLO  
**Desde dentro do corazón**

**20:30** Salón de actos do MARCO  
**Bloque III CURTAMETRAXES**

**22:00** Auditorio do Concello  
**A pegada dos avós**

### venres 6

**17:30** Auditorio do CONCELLO  
**Bloque III CURTAMETRAXES**

**19:00** Auditorio do CONCELLO  
**Bloque II CURTAMETRAXES**

**20:30** Auditorio do CONCELLO  
**Bloque I CURTAMETRAXES**

**22:15** Auditorio do CONCELLO  
**El rayo**

### sábado 7

**20:00** Auditorio do CONCELLO  
**O pequeno mago**

**22:00** Auditorio do CONCELLO  
**Blockbuster**

**23:30** Praza do Rei  
**FESTA ABERTA DO FESTIVAL**

**24:00** Auditorio do CONCELLO  
**Proxección videoclips**

### domingo 8

**19:30** Auditorio do CONCELLO  
**GALA PECHE DO FESTIVAL**  
Proxección especial e entrega de premios

## curtametraxes

### BLOQUE I

3-1=0  
Llena eres de gracia  
Aquarium nostrum  
Sangre de unicornio  
Segundos  
October

### BLOQUE II

Vacacións  
Pato extraterrestre  
Mal de sangue  
Tupper

### BLOQUE III

Dinosaurios en 3D  
Everest  
Suicidio lamprea  
Deil

## videoclips

Leaving Alone  
La primera vez  
Ira  
Sem saída  
Narco-corrído ribeirao

GgAaL-EGO  
Lunes  
Ninguén escoitou  
Wilda

Banshee  
Miles of Hopes  
El cuervo  
Canto de andar o camiño

## CALENDARIO PROXECCIONS

### MÉRCORES 4

**17:30**  
Bloque II curtas

**19:00**  
Bloque III curtas

**20:30**  
Bloque I curtas

### XOVES 5

**17:30**  
Bloque I curtas

**19:00**  
Bloque II curtas

**20:30**  
Bloque III curtas

salón de actos  
do MARCO  
(Príncipe, 54)



### VENRES 6

**17:30**  
Bloque III curtas

**19:00**  
Bloque II curtas

**20:30**  
Bloque I curtas

**22:15**  
El rayo

### SÁBADO 7

**20:00**  
O pequeno mago

**22:00**  
Blockbuster

**23:30**  
FESTA ABERTA  
na Praza do Rei

**24:00**  
Proxección  
videoclips

### DOMINGO 8

**19:30**  
GALA PECHE  
Proxección especial  
e entrega de premios

auditorio do  
CONCELLO  
(Praza do Rei, s/n)

**7 SÁBADO  
XUÑO**

**ven a festexar!**

# **FESTA**

## **ABERTA NA RÚA**



**Artistas invitados + sorpresas**

**Praza do Rei 23:30**

**ENTRADA LIBRE E GRATUITA**

Organiza:



Patrocina:



Colabora:



*Vivimos nunha cidade fermosa*